



Concello de Vilalba

ACTA DA XLVI EDICIÓN DO PREMIO DE POESÍA DO CERTAME LITERARIO DO EXCMO. CONCELLO DE VILALBA

Na Casa Consistorial, sendo as 12:00 horas do día 17 de agosto de 2020, baixo a presidencia da Concelleira de Cultura, Comunicación e Igualdade, dona Vanesa Rut Siso Calvo e actuando como secretaria a técnica de cultura María Sonia García Paredes, constitúese o xurado de valoración do "XLVI edición do Premio de Poesía do Certame Literario do Excmo. Concello de Vilalba" do que ademais, forman parte :

Dario Villanueva Prieto, Membro da Real Academia Española.
Ramón Villares Paz, Catedrático de Historia
Fidel Fernán Vello, Director do Grupo de Radio Principal.
Xulio Xiz Ramil, Xornalista

O xurado reúnese co obxecto de valorar os poemas presentados ao abeiro das "Bases do XLVI edición do Premio de Poesía do Certame Literario do Excmo. Concello de Vilalba", aprobadas por Decreto da Alcaldía nº 0170 de S. Sª a alcaldesa, dona Elba Veleiro Fernández, con data 3 de xuño de 2020.

Vista a relación de poemas que se presentaron ao certame, un total de noventa e tres poemarios, quedan excluídos do mesmo, sete de eles por non cumprir coas condicións requiridas nas bases da "XLVI edición do Premio de Poesía", e detalladas no expediente 1059/2020. A resultas desta comprobación, o xurado fai a correspondente proposta de concesión do premio regulado nestas Bases:

"Lidos os oitenta e seis poemarios presentados ao Certame, acordan por unanimidade outorgar o XLVI PREMIO de poesía do Excmo. Concello de Vilalba 2020, dotado con 7000 euros, flor natural e diploma, ao poemario presentado co título "Obra inacabada de Dosinda Christensen (I)" e o lema "Árbore ou ceo", do que resultou ser autor XERARDO QUINTIA PÉREZ , natural de Friol, veciño de Lugo."

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Concello de Vilalba

Unha vez vistas, e postas en común as valoración dos poemas, o xurado, por unanimidade, acorda levar á Xunta de Goberno Local a concesión do premio a:

LEMA	TITULO	AUTOR	PREMIO
Árbore ou ceo	Obra inacabada de Dosínda Christensen (I)	XERARDO QUINTIA PÉREZ	7.000€, flor natural e diploma

Rematada a sesión, sendo as 12:50 horas, e para que conste, asíñase a presenta acta de conformidade.

Vanesa Rut Siso Calvo

Ramón Villares Paz

Xulio Xiz Ramil

Darío Villanueva Prieto

Fidel Fernán Vello

M^a Sonia García Paredes

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815